



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA



## ACTA DO XVI PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

Fallamos o XVI Premio José Couso de Liberdade de Prensa nun estado de alarma que non ten precedentes dentro da nosa historia recente democrática. Vivimos unha época na que os e as xornalistas son esenciais para a situación que estamos a vivir. Coa pandemia, en estado de alarma, coa crisis sanitaria, as e os profesionais da comunicación seguen a saír á rúa para que a sociedade poida ter de primeira man todo aquilo que esta a suceder. Eles e elas exercendo o seu dereito a informar e a cidadanía, a ser informada, ambos os dous dereitos fundamentais.

Queremos lembrar que José Couso e o ucraíno Taras Protsyuk foron asasinados mentres exercían e defendían eses mesmos dereitos, nunha pandemia diferente, pero igual de cruel e virulenta. Non nos cansaremos de repetir que este premio, nado para homenaxear e non esquecer a José Couso, é tamén unha lembranza para todos os e as xornalistas que día a día, e na maior parte dos casos anonimamente, saen a realizar o seu traballo co único obxectivo de informar; e, por suposto, non esquecemos a nosa lembranza para Couso, coa esperanza de que o crime non quede impune.

Hoxe fallamos, por décimo sexto ano consecutivo, o Premio José Couso de Liberdade de Prensa, coa mesma ilusión e a mesma preocupación coa que o facíamos co primeiro, e lembrando aos profesionais da comunicación que arriscan, ou mesmo ás veces perden, o seu traballo e mesmo a vida mentres defenden o dereito á liberdade de prensa, un dereito universal que reivindicamos permanentemente na figura do ferrolán José Couso, símbolo universal da defensa do dereito a informar e a ser informado.

Ao longo destes anos, o espírito do premio queda representado polos premiados e premiadas, elixidos a través dos votos dos membros do Colexio de Xornalistas e do Club de Prensa: Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); o finado José Vidal-Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos de TVE (2012); Mónica G. Prieto (2013); Marc Marginedas, Javier Espinosa e Ricardo García Vilanova (2014); Jordi Évole (2015); Miguel Angel Aguilar (2016); Xosé Andrés Vázquez Hermida (2017); Julia Otero (2018); e #DefendeaGalega (2019).

Nesta décimo sexta edición concorreron tres candidaturas: **Mavi Doñate**, actual correspondente de TVE en Asia-Pacífico, que na actualidade, serve de liña informativa para todas as persoas interesadas na evolución do coronavirus, con epicentro na cidade chinesa de Wuhan; **Fernando Garea**, xornalista especializado en crónica parlamentaria, cunha longa traxectoria en numerosos medios; **Lorenzo Milá**, correspondente de TVE, onde ten cubertos diferentes acontecementos mundiais do mesmo xeito rigoroso e profesional e que actualmente fai a cobertura sobre o COVID-19 en Roma.

O pasado xoves 28 de maio, ás 11.00 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao reconto dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo señor notario D. **Héctor Pardo**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do reconto na acta número **364** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as tres candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura de **Lorenzo Milá**.

A organización quere transmitirle a súa felicitación ao xornalista gañador, con quen xa contactou para ver a mellor fórmula para facerlle entrega do premio.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, a 28 de maio de 2020.

Darío Janeiro  
Secretario do Premio José Couso